



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS  
SECRETARÍA GENERAL  
REGISTRO GENERAL

12 SEP. 2024 11:38:19

Entrada **37749**

## Preguntas relativas á dotación para a mellora de viadutos, pontes e outras infraestruturas da Galiza

Competencia	Competencias de la Cámara
Subcompetencia	Control e información
Tipo Expediente	184-Pregunta al Gobierno con respuesta escrita.

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL

Diputado



## Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso dos Deputados, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas á dotación de 12,3 millóns para a mellora de viadutos, pontes e outras infraestruturas da Galiza.**

O Consello de Ministros do 10 de setembro aprobou a licitación de tres contratos de mantemento de infraestruturas do Estado por valor de 108,7 millóns de euros. O obxectivo deste investimento é a mellora e rehabilitación de viadutos e pontes: a adecuación de sistemas de contención, reparacións do sistema de drenaxe, substitución de vigas ou a súa reparación, entre outras actuacións. Segundo a información feita pública á Galiza prevese destinar un total de 12,3 millóns de euros.

Este investimento é moi necesario, máis se temos en conta o derrubamento dos viadutos do Castro na A-6 despois do cal foi necesario realizar unha revisión doutras pontes e viadutos nesa mesma vía. De feito, o BNG reclamou naquela altura ao Ministerio de Transporte que levara adiante unha auditoría completa de todas as infraestruturas semellantes para atallar os defectos estruturais probados que todas compartían.

A investigación demostrou que existen graves deficiencias nos materiais de construción, atopando valores moi baixos do contido en cemento do formigón

CONGRESO DE LOS DIPUTADOS  
SECRETARÍA GENERAL  
REGISTRO GENERAL

12 SEP. 2024 11:38:19

Entrada **37749**



empregado pola empresa construtora. Ademais de deficiencias na cimentación dos piares.

A baixa calidade do material utilizado na estrutura dos viadutos do Castro na A-6 foi un dos factores que incidiu na aceleración do proceso de corrosión dos viadutos, xunto cunha deficiente impermeabilización, defectos construtivos que tamén foron xa detectados en outros puntos.

Unha vez finalizada a reconstrución do viaduto en dirección a Madrid, queda pendente o tramo en sentido A Coruña. Cabe recordar que existe compromiso do Goberno de rematar a obra a finais deste ano 2024, unha cuestión incorporada no Acordo de Investidura asinado co BNG.

Así mesmo, existen outras carencias e necesidades nas demais vías convencionais e autovías dependentes do Goberno do Estado na Galiza que precisan melloras urxentes.

**Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas ao Goberno:**

1. Pode o Ministerio detallar en que viadutos, pontes e outras infraestruturas da Galiza se van realizar intervencións de reparación ou mellora con cargo aos 12,6 millóns de euros aprobados no Consello de Ministros do 10 de setembro?
2. En que consistirán as actuacións previstas en cada unha das infraestruturas? Cales son os prazos temporais?
3. En que situación están na actualidade as obras de reconstrución do segundo viaduto do Castro que está comprometido que deben finalizar na fin deste ano 2024, tal como figura no Acordo de Investidura co BNG?



4. Finalizouse definitivamente a auscultación do viaduto de Tremor e as actuacións pertinentes para a mellor da súa seguranza?
5. Completáronse as obras de mantemento para evitar a corrosión no resto de puntos detectados? Cales foron os lugares nos que finalmente se realizaron obras de conservación despois do derrubamento do viaduto do Castro e en que consistiron cada unha delas? Foron só na A6 ou tamén na Autovía das Rías Baixas?

Madrid, a 12 de setembro de 2024

Néstor Rego Candamil

**Deputado do BNG no Congreso**



## **A LA MESA DEL CONGRESO**

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento de los Diputados, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su respuesta escrita relativas a la dotación de 12,3 millones para la mejora de viaductos, puentes y otras infraestructuras de Galiza.**

El Consejo de Ministros de 10 de septiembre aprobó la licitación de tres contratos de mantenimiento de infraestructuras del Estado por valor de 108,7 millones de euros. El objetivo de esta inversión es la mejora y rehabilitación de viaductos y puentes: la adecuación de sistemas de contención, reparaciones del sistema de drenaje, relevo de vigas o su reparación, entre otras actuaciones. Según la información hecha pública a Galiza se prevé destinar un total de 12,3 millones de euros.

Esta inversión es muy necesaria, más si tenemos en cuenta el derrumbamiento de los viaductos de O Castro en la A-6 después del cuál fue necesario realizar una revisión de otros puentes y viaductos en esa misma vía. De hecho, el BNG reclamó en aquella altura al Ministerio de Transporte que había llevado adelante una auditoría completa de todas las infraestructuras semejantes para atajar los defectos estructurales probados que todas compartían.

La investigación demostró que existen graves deficiencias en los materiales de construcción, encontrando valores muy bajos del contenido en cemento del hormigón empleado por la empresa constructora. Además de deficiencias en la cimentación de los pilares.



La baja calidad del material utilizado en la estructura de los viaductos de O Castro en la A-6 fue uno de los factores que incidió en la aceleración del proceso de corrosión de los viaductos, junto con una deficiente impermeabilización, defectos constructivos que también fueron ya detectados en otros puntos.

Una vez finalizada la reconstrucción del viaducto en dirección a Madrid, queda pendiente el tramo en sentido A Coruña. Cabe recordar que existe compromiso del Gobierno de finalizar la obra a finales de este año 2024, una cuestión incorporada en el Acuerdo de Inversión firmado con el BNG.

Así mismo, existen otras carencias y necesidades en las demás vías convencionales y autovías dependientes del Gobierno del Estado en Galiza que necesitan mejoras urgentes.

**Por los motivos expuestos, el BNG formula las siguientes preguntas al Gobierno:**

1. ¿Puede el Ministerio detallar en qué viaductos, puentes y otras infraestructuras de Galiza se van a realizar intervenciones de reparación o mejora con cargo a los 12,6 millones de euros aprobados en el Consejo de Ministros de 10 de septiembre?
2. ¿En qué consistirán las actuaciones previstas en cada una de las infraestructuras? ¿Cuáles son los plazos temporales?
3. ¿En qué situación están en la actualidad las obras de reconstrucción del segundo viaducto de O Castro que está comprometido que deben finalizar en el fin de este año 2024, tal como figura en el Acuerdo de Inversión con el BNG?
4. ¿Ha finalizado definitivamente la auscultación del viaducto de Tremor y las actuaciones pertinentes para la mejor de su seguridad?



5. ¿Se han completado las obras de mantenimiento para evitar la corrosión en el resto de puntos detectados? ¿Cuáles fueron los lugares en los que finalmente se realizaron obras de conservación después del derrumbamiento del viaducto del Castro y en que consistieron cada una de ellas? ¿Fueron sólo en la A6 o también en la Autovía das Rías Baixas?

Madrid, a 12 de septiembre de 2024

Néstor Rego Candamil

**Diputado del BNG en el Congreso**